

## *Conservación da rede de muiños no curso do Río Vilaza*

---

**ROSA MOURIÑO PÉREZ**

### RESUMO

*O presente artigo trata sobre o patrimonio hidrolóxico que acompaña o río Vilaza ou Zamáns. Existe unha rede de muiños ao longo das parroquias de Vincios e Vilaza que está a desaparecer e que non se debería descoidar. Ademais deste patrimonio arquitectónico, algún xa desaparecido como é o caso dalgúns muiños ou da chamada “Fábrica da Luz de Pego Negro”, existe patrimonio natural, paisaxístico e etnográfico que merece a pena comprender, ou en todo caso coñecer a súa existencia para quere-lo como propio e conservalo.*

*PALABRAS CHAVE: Río Vilaza, muiños, fábrica de luz de Pego Negro, patrimonio, conservación.*

### ABSTRACT

*This paper examines the hydrological heritage of the banks of the Vilaza (or Zamáns) River. The net of mills along the parishes of Vincios and Vilaza is disappearing and we should not neglect it. Besides this architectonic heritage –some of it already disappeared, as it is the case of some mills and the so-called “Fábrica da Luz de Pego Negro”- there is a natural, landscape and ethnographic heritage that is worth understanding, or, in any case, knowing its existence, so that we want it as our own and preserve it.*

*KEY WORDS: Vilaza River, mills, fábrica da luz de Pego Negro, heritage, conservation.*



No número anterior da Revista de Estudos Miñoranos lin o artigo sobre a destrución do patrimonio do Val Miñor e arredores. O texto falaba sobre a conservación dos bens, tanto materiais como inmateriais, co que conta o Val. Interesáronme moito as valoracións que se poden ler ao final do mesmo, no que se describe un decálogo de posibles solucións ou propostas para evitar a destrución do patrimonio. Neses “mandamentos” pódense ler palabras como: CATALOGACIÓN, COMUNICACIÓN, DIVULGACIÓN, COORDINACIÓN, PROTECCIÓN, etc. referidos sempre a elementos de interese patrimonial, sexa este material ou inmaterial.

Este novo artigo pretende afondar neses aspectos que mencionaba o texto do número anterior nun ámbito específico do que, ata hai pouco máis dun ano, soamente escoitara falar e nunca tivera a ocasión de visitar. Trátase da rede de muíños que acompaña o río Zamáns, coñecido tradicionalmente como río Vilaza, ao seu paso polas parroquias de Vincios e Vilaza, dentro do termo municipal de Gondomar.


O centro da Vila atópase bordeada por un conxunto orográfico que delimita o territorio por todas as súas bandas excepto polo Leste. Nas cotas máis altas nace un mapa hidrolóxico moi significativo, que chega á Vila e continúa paralelo á avenida do tranvía ata desembocar no esteiro da Foz, na Ramallosa. O patrimonio referente a enxeñaría hidráulica é cuantioso e pódese apreciar en practicamente todas as parroquias do Concello.

O río Zamáns ou río Vilaza nace na Serra do Galiñeiro, en Vincios, discorre por esta parroquia e por Vilaza, ata chegar ao casco urbano da Vila de Gondomar, onde conflúe, xunto co río Morgadáns, no río Miñor, que desembocará no esteiro protexido (pertencente á Rede Natura 2000) da Foz, na Ramallosa.

Trátase dun percorrido de 10 km aproximadamente no que a paisaxe varía: dende a parte máis alta, onde se encontran os muíños de máis envergadura (Muíño das Maquíás), ata chegar ao casco urbano, onde pasaríamos por varias pontes así como o acueduto do Bravo, datado arredor do século XVII. Ao longo de todo o percorrido hai numerosas mostras de enxeñería civil: pontillóns, pasos, fontes, ademais dos muíños e levadas de auga, que fan que a maquinaria que posúen no interior (na maioría dos casos e por desgraza, xa desaparecida) traballe, ou a denominada Fábrica da luz de Pego Negro, que abastecía de enerxía eléctrica os veciños de Gondomar e Baiona.

Ligado a esta liña de auga, que conta cunha diferenza de cotas dende a presa de Zamáns ata o centro da Vila de 300 m, aparecen ademais destas arquitecturas elementos patrimoniais naturais e etnográficos. Na contorna do río pódense apreciar fentos catalogados pola Consellería do Medio Rural e do Mar, en concreto a especie *Woodwardia Radicans*, clasificada como elementos vulnerables dentro das especies ameazadas da biodiversidade galega.

A rede de muíños que acompaña o río Vilaza é anterior ao século XVIII. Aparece rexistro deles no catastro do marqués da Ensenada, datados no 1753. Este é un dos mellores inventarios que temos daquela época e aparecen xa dezanove muíños, moitos deles pertencentes ao Cabido de Tui, ou a familias da zona. Cada unha desas arquitecturas ten identidade propia, e practicamente todos os veciños, aínda a día de hoxe, os recoñecen cos seguintes nomes: do Xofre, de Cidáns, das Canas, do Campo, do



Imaxes dalgúns muíños do percorrido.

Neto, da Ponte, de Faustino, de Isolina, do Regueiro ou do Piurno, de Herminio, de Bernardo, de Leonor, o Serradoiro ou do Xofre, da Salgada e do Galeón.

Os muíños funcionaban a maior parte do día e a propiedade dos mesmos definía a súa posta en marcha. Se a propiedade era dunha persoa e esta moía para outros denominábase *muíño de maquiá*. Se a propiedade era de varios veciños, o uso da maquinaria facíase por horas, onde cada un dos propietarios ía ao muíño na súa quenda e nunhas horas determinadas ao día, son os denominados *muíños de parceiros*. Se o muíño era dunha mesma familia a propiedade herdábase, son os chamados *muíños de herdeiros*.



*Muíños existentes na marxe do río. Como se pode apreciar, o seu estado de conservación é bastante malo, aínda que nalgúns casos distínguese o perfil completo da edificación.*


Os muíños eran lugares de reunión, de relacións sociais e onde a xente se decataba das novas, namoraban moitas parellas ou onde se relaban contos e lendas, polo que a súa importancia na transmisión do patrimonio inmaterial foi importantísimo. Formaban parte dun xeito de vida, de traballo no campo, de cultivos na beira do río, campos cultivados con millo, patacas ou verzas, paisaxes de socalcos, muros de cachotes, perpiaños, pero sobre todo patrimonio de relacións persoais que pouco a pouco foron desaparecendo coa migración dos traballadores do campo a zonas industrializadas.

É especialmente importante a construción da presa de Zamáns nos anos cincuenta, que coa evolución que supón en si mesma, implica unha modificación substancial na paisaxe e o que leva consigo, tanto na zona alta do río coma ao longo do seu curso: os campos e socalcos deixan de cultivarse, as enchentes condicionan os poucos cultivos que quedan e as famosas comportas, ao abrirse e pecharse, alteran a liña do leito.

As edificacións muñeiras constan dunha entrada de auga na parte inferior que move o mecanismo que xera a forza motriz e permite a moa de cereal. Moitos deles contan coa aceña que permitía a desviación da auga do río ata el, noutros a auga entra directamente. O tamaño da edificación varía en función do número de pezas a moer, neste caso, un dos que mellor se conserva na actualidade e que funcionou ata hai poucos anos, conta con catro rodas.

En xeral as construcións son moi humildes, de cachotería de granito con cubrición mediante vigas de madeira, xeralmente par e fileira. A maior parte dos muíños xa perderon o seu teito e os muros están nun estado de abandono total, con elementos vexetais no seu interior que fan que moitas das pezas estean ocultas ou enterradas.

Ademais de muíños de cereal, algúns moían exclusivamente xofre, chamados “muíños de xofre”, para a época na que se sulfataban as viñas e a posterior recollida de uva no mes de setembro.



Colección de Postais da “Sociedad General Gallega de Electricidad” na construción da obra do Tambre.  
Fonte: [todocoleccion.net](http://todocoleccion.net)


Unha das pezas que maior valor tivo foi a mencionada mini-central hidroeléctrica, denominada polos veciños como “*a fábrica de luz de Pego Negro*”, construída probablemente a finais do século XIX ou principios do XX pola Empresa “Laureano Salgado y Cía”. Será este un empresario notable na zona de Vigo polos seus labores en axencias consignatarias especializadas en transporte, pero sobre todo destacará na industria hidroeléctrica coa construción de centrais na zona sur da provincia de Pontevedra (Almofrei en Cotobade, Aranza en Soutomaior ou Ponte Inferno no río Verdugo, ademais da citada de Pego Negro, que abastecía os municipios de Gondomar e Baiona). Esta mini-central foi o primeiro punto de abastecemento eléctrico destes dous municipios do Val Miñor, que se ben foi creada por Laureano Salgado, máis tarde pasará a mans da “Sociedad General Gallega de Electricidad”, que desaparecerá no ano 1955 para converterse na actual Unión Fenosa.



Nos anos corenta a mini-central de Pego Negro deixa de abastecer a zona, quedando esta subministrada polo aproveitamento hidroeléctrico do río Tambre, proxecto desenvolvido nos anos vinte polo enxeñeiro de camiños Luciano Yordi de Carricarte.

Tras o abandono da fábrica da luz, o edificio que albergaba as turbinas así como a vivenda dos operarios de mantemento que alí vivían, caeu en completo desuso e nos anos posteriores as turbinas vendéronse e trasladáronse a Tui, co que a edificación foi caendo pouco a pouco debido á falta de mantemento. Segundo as investigacións realizadas, os que tiveron ocasión de visitala din que o inmobile constaba de dúas plantas, con escaleira interior e dous dormitorios onde durmían os operarios e que nalgúns zonas da edificación incluso estaban azulexadas.

Durante o percorrido existen tamén pontes de fábrica de granito e incluso houbo algunha de madeira (xa desaparecidas) e unha de ferro, construída con vías de tren e



traveseiras de madeira que o facían practicable. Esta última desapareceu coas sucesivas crecidas dos ríos e a falta de mantemento da contorna do mesmo.

Se seguimos o curso do río, chegando ao centro da vila está o acueduto do Bravo, datado no século XVII, a zona do lavadoiro na contorna da ponte de Rosas ou o pontillón do matadoiro municipal onde o río Zamáns conflúe no río Miñor, que desemborcará no esteiro protexido da Ramallosa, pertencente á Rede Natura 2000.

É indubidable a cantidade de patrimonio existente nesta zona, nalgúns casos e con moita mágoa xa desaparecido, ou a piques de facelo. O obxectivo deste texto é tentar facer uso do decálogo co que comezaba o artigo citado e incorporar unha voz de COMUNICACIÓN, DIFUSIÓN ou DIVULGACIÓN do que alí existe. Estamos ante un incuestionable patrimonio arquitectónico, natural, paisaxístico e etnográfico que non deberíamos perder ou, polo menos, esquecer.

Existen asociacións preocupadas por este patrimonio, como a de Pedragullo, que pouco a pouco están tratando de limpar as arquitecturas alí existentes, así como a contorna das mesmas, o que permite recoñecer o inmovible. Este primeiro paso sería fundamental en todo o curso do río para poder facer unha CATALOGACIÓN axeitada de todas e cada unha das pezas existentes e así poder atribuírlles distintos graos de PROTECCIÓN, acollerse a outras redes nacionais ou internacionais de muíños ou asociacións interesadas en cuestións relacionadas coa auga, ou a industria, para poder favorecer un desenvolvemento que está aletargado pero que un día funcionou con gran esplendor.

Para rematar pregúntome se sería viable algunha intervención. Unha fase de xestión da rede existente para un posible proxecto de limpeza da zona ou a habilitación dun sendeiro que dese acceso aos mesmos, estudo e recuperación de camiños tradicionais, cursos de auga... así como unha posible formulación de explotación da rede, con proxectos secundarios que funcionasen como motor económico e que axudasen á súa conservación e mantemento.

Para isto serán precisos unha serie de axentes implicados, que necesariamente partirán dos propios veciños, así como outros axentes administrativos, o ámbito educativo, asociacións ou entidades que estean interesadas nos bens patrimoniais, na súa catalogación, conservación e difusión.

Baixo estas tres últimas premisas de CATALOGACIÓN, DIFUSIÓN E CONSERVACIÓN do patrimonio arquitectónico, etnográfico, natural e paisaxístico alí existentes, redáctase este artigo, co propósito de que sexa obxecto de atención e interese, principalmente polos veciños do lugar, xa que somos **nós** os que debemos entender como propio este patrimonio, para a súa posterior salvagarda e transmisión.